

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014854	CEIP Plurilingüe de Oca	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A presente programación está deseñada para ser implementada durante o curso escolar 2023-2024 no Ceip Plurilingüe de Oca (A Estrada) para o primeiro curso de primaria cun total de catro nen@s.

Para o desenvolvemento desta programación tívose en conta a normativa vixente: Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia.

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da área correspondente. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A familia e a escola	Ao longo desta primeira unidade do curso trataremos de coñecer a contorna máis próxima aos alumnos/as: a escola e a familia. Realizarán unha pequena árbore xenealóxica a través da indagación e a consulta dos seus seres queridos. Coñecerán as normas dunha clase e as partes e dependencias dun colexio, así como as actividades que se realizan en cada unha delas e as persoas que traballan no mesmo.	16	10	X		
2	Vivimos nunha casa	Ao longo desta unidade aprenderán os distintos tipos de casa, como é unha casa por dentro, como se constrúe unha casa, e a colaboración na mesma.	15	10	X		
3	Que hai onde vivo?	Ao longo desta unidade coñecerán as localidades, que hai na rúa?, como son os barrios?, onde mercamos, e movémonos polo barrio coñecendo algunhas normas e sinais que debemos respectar para andar con seguridade.	16	12		X	
4	Que vexo arredor de min	Ao longo desta unidade aprenderán a distinguir o tempo que vai, os distintos	17	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Que vexo arredor de min	tipos de paisaxes, a importancia da auga e onde podemos atopala, as estacións do ano,, a Terra, o Sol, a lúa e as estrelas.	17	12		X	
5	Gústame viaxar!	Ao longo desta unidade, aprenderemos transportes moi diferentes, por onde se desprazan os transportes, que necesitan para moverse, educación viaria: como comportarnos dentro deles.	16	12			X
6	O paso do tempo	Ao longo desta unidade, medimos o tempo, percibimos como as cousas cambian,: presente, pasado e futuro. Edificios doutros tempos que perduran na actualidade: castelos, palacios, templos... coñecemos o calendario: días, meses, anos.	20	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A familia e a escola	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática , empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Vivimos nunha casa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática, empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
3	Que hai onde vivo?	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	- Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	- Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	Que vexo arredor de min	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	- Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
5	Gústame viaxar!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación e a a manipulación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	- Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	- Establecer acordos de forma dialóxica e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Santillana,
Libreta de clase

Material funxible: fichas imprimibles
Pantalla PDI
Ordenador de aula.
vídeos, documentais...
xogos...

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial levarase a cabo na primeira semana do curso (2 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	15	16	17	16	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

Durante o primeiro curso do ciclo non vemos precisa a utilización de probas escritas para cualificar ao alumnado nesta materia.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital						X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Educación para a resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable				X		
ET.10 - Desenvolvemento sostible				X	X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional en valores.	X		X		X	

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a creatividade ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas escolares	Relacionadas cos proxectos do colexio.	X	X	X
Visitas a museos, teatros, cine...	Relacionadas con actividades do currículo.	X	X	X
Contacontos	Relacionados coa Biblioteca do Centro.	X	X	X
Obradoiros	Relacionados coa temática vista no curso.	X	X	X
Teatro, marionetas, maxia, música...	Relacionadas coas conmemoracións do colexio: Magosto, Nadal, Día da Paz, Día do Libro...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Outros
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?

Descrición:

O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados